



## IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER

### COMPAÑÍA HUMANA

Idade recomendada: +12 anos

Duración: 70 min

Lingua: galego

Prezo: 3,00 (prezo para estudantes)

Iphixenia, unha “nini” de barrio, pasa os días nun bucle de alcohol e apatía dando voltas polas rúas da súa vila. Unha noite coñece un tío distinto dos demais e comeza a sentir unha sensación estraña, como de non estar soa. A partir de entón, unha serie de circunstancias alleas levará a protagonista a sufrir unha grande perda. Se no mito clásico Iphixenia era sacrificada polo seu pai Agamenón para contentar os deuses e proseguir coa guerra de Troia, nesta traxedia dos nosos días é a propia protagonista quen decide sacrificarse e converter o seu sufrimento en xenerosidade cara á sociedade que a marxina. Estreada xa en varios países cun éxito rotundo, a súa adaptación ao español consagrou á actriz María Hervás conseguindo o premio Max á Mellor Actriz Protagonista, Mellor Espectáculo Revelación e Mellor Versión Teatral. No Reino Unido foi premiada como mellor texto teatral do ano 2015.